

Convocatoria de subvencións e axudas públicas

Extracto da convocatoria de axudas a prol da natalidade no Concello de Melide Melide (Ano 2023).

Obxecto.- O obxecto destas bases consiste no establecemento de medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Melide mediante o deseño de mecanismos que axuden a fixar a poboación evitando deste xeito o despoboamento.

Beneficiarios.- Serán beneficiarios/as destas axudas os/as pais/nais que estean empadroados/as en Melide que teñan ou adopten un/unha fillo/a no período comprendido entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2023 e cumpran os seguintes requisitos:

- Os pais, ou polo menos, un deles, deberán estar empadroados no Concello de Melide cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.
- Os/as nenos/as nados/as, ou adoptados/as, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Melide.
- O/a solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroad/a no concello, tanto el/a como os/as nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.
- O empadramento suporá a residencia efectiva, polo que tanto o/a beneficiario/a como os seus fillos/as, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Melide. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

Bases Reguladoras.- A convocatoria das axudas a prol da natalidade no Concello de Melide (Ano 2023), xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención destas axudas están publicadas na páxina web municipal (www.concellodemelide.gal).

Contía.- As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.00 do orzamento municipal para o 2023, que é o prorrogado do exercicio 2022, ata un total de 15.000 euros para o dito exercicio, sendo que a cantidade individual das ditas axudas é de 300 €, sempre que a cantidade total das axudas non supere os 15.000 €.

Se das solicitudes que compren cos requisitos sinalados nesta convocatoria se deriva un gasto que supera a dita contía de 15.000 €, esta será repartida de xeito igualitario entre todas elas, tendo en conta neste suposto que se establece un límite máximo individual de 300 €.

Prazo de presentación de solicitudes.- O prazo de presentación de solicitudes no rexistro do Concello de Melide será dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 15 de novembro de 2023.